

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas coruñesas ou que falan sobre A Coruña.

ORGANIZA A COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA CORUÑA

Homenaxe ás vítimas do franquismo no barrio da Silva na Coruña

[13/06/2006 12:46] A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña organiza este xoves unha homenaxe ás vítimas do franquismo na Silva. Con este acto, a comisión quere render un tributo a unha das zonas da cidade da Coruña que máis sufriu a terríbel represión que se levou a cabo a partir do golpe de estado de 1936. O acto iniciárase ás 7 da tarde cunha marcha cívica polo barrio que rematará na Fontenova, diante do antigo local do Resplandor. Durante o percorrido realizaranse ofrendas florais, e daranse lectura de varios textos por parte de familiares, veciños e amigos. Participarán Manolo Rivas, Xurxo Souto, así como o gaiteiro Xosé Taboada e a agrupación musical Monte das Medas.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña organiza este 15 de xuño unha homenaxe na Silva en memoria das vítimas do franquismo. A comisión homenaxea así a unha das zonas da cidade que máis sufriu durante a ditadura. A Coruña viviu durante a II República unha explosión de activismo cultural, social e político e a Silva foi un dos expoñentes máis claros deste auxe, o cal foi truncado coa Guerra Civil. A creación do ateneo libertario Resplandor no abismo é un claro exemplo do apoxeo asociativo desta época, onde o movemento anarquista tivo unha importancia fundamental.

O acto iniciárase ás 7 da tarde cunha marcha cívica polo barrio, que partirá do cruce da Silva coa rúa Jaime Hervada, no Ventorrillo, facendo un percorrido por algún dos fogares que máis sufriron a represión. O roteiro rematará na Fontenova, diante do antigo local do Resplandor. Durante o percorrido realizaranse ofrendas florais, e daranse lectura de varios textos por parte de familiares, veciños e amigos. Participarán ademais Manolo Rivas, Xurxo Souto, así como o gaiteiro Xosé Taboada e a agrupación musical Monte das Medas.

Ás 9 da noite, no Restaurante Fontenova, xusto ó pe do lugar que fora sede do Resplandor en el abismo, celebrarase un coloquio, onde os historiadores Dionísio Pereira, Eliseo Fernández, Luís Lamela e Emilio Grandío reflexionarán sobre O resplandor asociativo na Coruña. Os actos rematarán cunha cea-homenaxe ás 10 da noite.

O homenaxe da Silva inclúese dentro dos actos que a comisión está a levar a cabo para a recuperación do noso pasado recente. Este ano cúmprese o 70 aniversario do golpe militar fascista, ano que a Xunta de Galiza declarou como Ano da Memoria, e desde esta asociación quérese lembrar ós homes e mulleres vítimas da represión, inxustamente esquecidos.

Ligazóns relacionadas:

- [Luís Bará: "Temos a obriga de facerlles un recoñecemento público ás vítimas da represión"](#)
- [A homenaxe aos represaliados inaugura o Ano da Memoria na Illa de San Simón](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Destrucción da paisaxe urbana da Coruña a pé de mar: A degradación "programada"](#)
- [Na Coruña os condutores puntúan "mal" e os peóns "moi mal"](#)
- [A familia de Francisco Vázquez entra agora nos negocios inmobiliarios](#)
- [O fiscal esixe 18 meses de cadea para un detido nas protestas contra a bandeira española](#)
- [A noite do folc](#)
- [Corcoba funda un partido que leva o seu propio nome para pelexar pola alcaldía coruñesa](#)
- [O Ateneo Republicano solicita a eliminación da simboloxía franquista](#)
- [As 'Tertulias no Muíño' recuperarán a tradición do debate libre](#)
- [Xuízo por atacar un policía "con confeti" na festa do orgullo gai](#)
- [Dillei Ino presenta a sesión 'Let's Dance' nas Block Party da Fundación Luís Seoane](#)